

# BULE BULE

21-27 DE MAIO DE 2009  
Redacción/ilustracións: Gonzalo Vilas

## AS COUSAS DO SR CARBALLO UN BON CARPINTEIRO

POIS SÍ. SEÑOR  
CIPRIÁN. POR  
FIN VEU O CAR-  
PINTEIRO A AMA-  
ÑARME ESA PÓLA  
QUE TIÑA MEDIO  
SOLTA...



SÍ...PERO LOGO SE CANSA.  
O HOME ÉLLE UN POUCO  
PREGUICEIRO.  
NON SABE?



DECÍA VOSTEDE  
ALGO?




CALQUERA LLE DÍ NADA. CO  
DIFÍCIL QUE HOXE RESULTA  
ATOPAR UN BON PAXARO  
CARPINTEIRO!



UN ESTUPENDO DISCO E DVD PENSADO PARA VÓS.  
ONDE RAPACES E RAPAZAS SON OS PROTAGONISTAS

# 13 LÚAS



### Un calendario de cantigas

Logo dos cantares de Nadal d'O Qui-  
quiriquí e das músicas para xogar de  
Pelo Gato 24, a Asociación de Gai-  
teiros Galegos achega doce temas  
para doce meses do ano, co título  
Trece Lúas. E por qué? Non esqueza-  
des que os meses lunares son máis  
pequenos que os meses en que nós  
dividimos o ano (son cada 28 días), así  
que no ano, aínda que haxa doce mes-  
es, hai trece meses lunares.

En resumo: Trece lúas, amais do CD  
cunha ducia de pezas, que percorren  
os ciclos do ano e a música tradicional  
relacionada cos traballos e co lecer,

achega un DVD cun documental di-  
dático sobre o ciclo anual na tradi-  
ción galega, dous vídeos-karaokes  
(os dos temas "Magosto" e "Pascua"),  
para practicar as nosas dotes vocais,  
un videoclip sobre o tema "Cabal-  
gata de Entroido", e unha peciña de  
monicreques a cargo da compañía  
lalinense Títeres Viravolta, "Cando  
chove e raia o sol", en que un rapaz  
queda durmido e cando esperta des-  
cobre que se lle descolocaron os me-  
ses do ano. Tamén inclúe un libreto  
de 64 páxinas para non perdermos  
detalle das letras das cancións e ter al-  
gunha información.

Texto: **Lara Rozados**

## Un calendario de cantigas



**Arriba:** as nenas e nenos ensaian para a gravación.


**Abaixo:** **Luis Caruncho** coa súa zanfoña, e **Bernardo Martínez**, director musical do disco e compositor da maioría dos temas.



As pezas todas foron gravadas e interpretadas por Xosé Lois Romero Cajigal ao acordeón, Francisco Estévez na percusión, co clarinete, saxo soprano, frauta de pico e requinta, Xosé Manuel López, Brandán Lourenzo no clarinete baixo, Bruno Villamor coas gaitas e requinta, Oli Xiráldez coas gaitas, frauta de cebola, buguina e paus de maio) e á zanfona, Luís Caruncho. Oli Xiráldez explica que se quería continuar un traballo didáctico que comezara c'O Quiquiriquí e Pelo Gato 24: "non había eses referentes da música tradicional para cativos, para o xogo. Optamos por este tema porque os nenos (e non tan nenos) xa non rexemos o tempo como antes, polas festas e labores do campo. No rural séguese a xestionar o tempo do mesmo xeito, marcado polos ciclos da natureza, e as cantigas están relacionadas cos traballos e coas celebracións". Cos costumes, pérdense tamén as músicas. "No rural aínda se canta, pero non se sega", explica Oli. "Xa non se fan seráns. Se cadra hai cousas que os nosos nenos e nenas non van ver nunca, pero polo menos tentamos que lles cheguen as cancións. Non farán unha malla nin irán á vendima, pero soarllle estas pezas".

### O ano ten trece lúas

O ano arrinca en marzo, seguindo a lóxica do calendario romano, que comeza coa primavera, cun tema titulado "Pascua". É o tempo de agromar as flores, de espertar a natureza despois de estar todo o inverno durmida (e de regalarnos os padriños e as madriñas esas roscas tan ricas). En abril chega "O cuco"; en maio "Maíño", e esas festas que podemos gozar estes días coas flores como protagonistas, ou ese costume de alumear o pan; en xuño "Flor da lauga"; en xullo "A Palmeira"; en agosto a "Danza de Betanzos", en setembro é tempo de "Vendi-



## O recuncho dos lector@s



Tes un debuxo, unha caricatura, unha foto túa, da túa mascota ou do sitio no que vives que queres publicar e comentar?

Ou un artigo, un contíño, ou un pequeno poema?

Fáinolos chegar a este correo: [bulebule@anosaterra.com](mailto:bulebule@anosaterra.com), e na medida do posible os iremos poñendo. Mira que non sexan escritos moi longos. E manda o teu nome, e o lugar donde vives ou a escola na que estudas, se queres. Anímate!

### Ramón Piñeiro

Como ben sabedes todos este ano dedicouse o **Día das Letras Galegas** ao político, escritor e filósofo **Ramón Piñeiro**. A súa biografía ben detallada daría para encher unha enciclopedia pero eu vouna resumir nun só artigo.

Ramón Piñeiro naceu na aldea luguesa da Armea, en **Láncara**, na casa feita con moito esforzo polos seus pais. De feito, súa nai tivo que emigrar a Arxentina e traballar de criada para gañar os suficientes cartos e rematar a casa. Agora só viven nela a súa irmá **Consuelo** e a súa sobriña. Piñeiro era un neno fóra do normal para a súa idade, un neno que destacaba entre os demais, e aburríase na escola, e cando saía a levar as vacas collía un garabullo e escribía sobre a terra mollada. Aos dezasete anos Ramón escribiu o seu primeiro artigo de política e chegou a ser presidente das **Mocidades Galeguistas** da agrupación de Lugo. Logo estalou a guerra e agochouse na cidade

das murallas, pero acabárono mobilizando para loitar no bando franquista. Unha vez acabada a guerra Piñeiro viaxou a París para negociar que **Castelao** formase parte do Goberno da República que estaba exiliado alí.

Aínda que acabou conseguindo o que quería, Piñeiro volveu moi desilusionado coas posibilidades de restablecer a República. Logo pillárono nunha reunión clandestina nunha cafetería de Madrid e condenárono a seis anos de cárcere dos que cumpriu tres. Pouco despois de saír do cárcere fundouse a editorial **Galaxia** da que foi o director. Tamén se fundou a colección **Grial** que non tardaron moito en prohibir, aínda que máis tarde volveron a facela.

Piñeiro foi vivir a Santiago na rúa Xelmírez no número 15. Alí tiña a súa famosa mesa camilla na que daba aos máis novos a súa visión de Galicia. Alí viviu ata a súa morte en 1990.


### Roi Gómez Paz



**Roi**, o autor deste artigo, puido coñecer e falar con **Consuelo**, a irmá de Ramón Piñeiro, que aínda vive na súa aldea natal de Armea, en Láncara.



mia", e o disco achega unha canción para pisar a uva ao seu ritmo; en outubro, de "Magosto"; en novembro, "San Andrés"; en decembro "O Loureiro"; para xaneiro, como non, os "Reis" que se van cantando de casa en casa para que nos dean o aguinaldo; e o ano remata en febreiro, con "Cabalgata de Entroido", outro momento bárbaro para ir cantar polas casas, disfrazados de choqueiros, e papar orellas e filloas. Son melodías tradicionais escollidas por Bernardo Martínez, pero con letras adaptadas: "moitas coplas son algo "verdes", xogan coa picaresca", di Oli. "Amais, trátase de que as letras estean vivas. Unha mesma copla cambia nunha parroquia ou noutra, é do que se trata, de que se poidan modificar".



o pasado 3 de abril, e participan nel tanto recoñecidos intérpretes como voces de cativos e cativas da asociación compostelá Brincadeira, da Sociedade Liceo de Noia, da Agrupación Cultural Seixebra (de Moraña) e da Asociación de Amas de casa de Mazaricos, coa dirección dunha das Leilía, Felisa Segade. "Foi impresionante", explica Oli. "Para os rapaces e rapazas foi a actividade máis importante do ano, unha experiencia moi bonita. Levoulles tres meses (cantan unha media de tres temas cada grupo), e cantaban cando podían, que era nas fins de semana. Portáronse coma profesionais!"

Este novo traballo, que distribúe Lonxa Cultural, conta coa colaboración da Universidade de Vigo e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, presentouse

Podemos atopar xa nas tendas esta nova achega da Asociación de Gaiteiros Galegos, un recurso didáctico para que a tradición non morra e sexa recuperada, con todo o seu carácter lúdico e festivo, polos máis pequechos... Ou non tan pequechos.



Arriba: colocando os cascos para "a toma boa".

Abaixo: As nenas e nenos que participaron no disco, deixan tamén no video divertidos comentarios e opinións sobre as estacións do ano.



PEPE CARREIRO

# Os Bolechas

